

## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE BOBORÁS PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS DO PROXECTO DE RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMENTO, SANEAMENTO E PLUVIAIS NA TRAVESÍA DE BRUÉS. BOBORÁS (OURENSE)

### REUNIDAS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.

Doutra parte, Ana Patricia Torres Madureira, alcaldesa do Concello de Boborás, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

### EXPOÑEN

**Primeiro.** O Concello de Boborás ten atribuídas competencias en materia de abastecemento e saneamento, con base na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, que nos seus artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2, configura o abastecemento de auga potable a domicilio e o saneamento e a depuración de augas residuais como un servizo de competencia local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma.

Neste senso, o artigo 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, sinala como competencia atribuída ás entidades locais o subministro de auga e o tratamento de augas residuais.

A Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia delimita o reparto competencial neste último eido, resultando competencia das entidades locais, en materia de execución de obras, as que teñan por obxecto a rede de sumidoiros (artigo 5.1 a)), redes de distribución (artigo 27.2 c)), a execución de calquera obra no eido do saneamento e/ou a depuración que non teña sido declarada de interese público por algún dos medios do artigo 28 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia (artigos 27.2 a)) en relación co artigo 5.1 c)).

Ademais, en materia de prestación do servizo, atribúese competencia ás entidades locais para a prestación do servizo respecto de instalacións non comprendidas no artigo 32 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, respecto daquelas instalacións das que non se solicite a súa asunción do servizo pola Xunta de Galicia de acordo co establecido na



disposición transitoria quinta, así como a prestación do servizo de saneamento (artigo 5.1.c)).

Asemade, os artigos 5.1 a) e 27.1 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia así como a explotación dos servizos da súa competencia.

O Concello de Boborás cumpriu co seu deber de remisión ao Consello de Contas das contas xerais de cada exercicio.

**Segundo** - Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do que a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas.

A citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, atribúe no seu artigo 26 á Administración hidráulica de Galicia as competencias para a regulación e para o outorgamento de auxilios económicos ás corporacións locais nas materias da súa competencia.

Os artigos 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, e 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración local e as Administracións do Estado e das comunidades autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

**Terceiro** – As redes municipais de abastecemento e saneamento no entorno da N-541, no núcleo de Brués, Concello de Boborás, teñen máis de 50 anos de antigüidade, presentando numerosas deficiencias derivadas do vencemento da súa vida útil. Isto tradúcese na existencia de fugas e perdas de auga e filtracións que derivan en ineficiencias no uso da auga e en problemas de salubridade.

Ademais, practicamente non existe rede de pluviais, polo que as entradas de auga de chuvia nos colectores está dificultando a depuración das augas residuais.

Para a súa solución, preténdese construír un novo tramo de rede de augas pluviais e renovar as instalacións vinculados á auga na travesía da estrada nacional N-541 ao seu paso polo núcleo de Brués, no concello de Boborás.



**Cuarto** - Á vista do exposto, as partes consideran necesario establecer unha fórmula coordinada para garantir o financiamento da citada actuación.

Neste contexto, e dadas as circunstancias concorrentes, enténdese a imposibilidade de promover a concorrencia pública, acudindo ao réxime excepcional de concesión directa da subvención.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA- OBXECTO

É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Boborás que permitan ao concello acometer e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para a renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais na travesía de Brués. Boborás (Ourense), a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusulas seguintes.

### SEGUNDA- OBRIGAS DAS PARTES

Para o cumprimento do obxecto deste convenio:

1.- Augas de Galicia obrígase a:

- Apoiar tecnicamente e a asesorar na execución das actuacións indicadas na cláusula primeira.
- Asumir as obrigas económicas derivadas deste convenio entregando ao Concello de Boborás o importe máximo que se concreta na cláusula seguinte.

2.- O Concello de Boborás obrígase a:

- Executar as obras necesarias para a renovación das redes de abastecemento, saneamento e pluviais na travesía de Brués. Boborás (Ourense).
- Realizar ante Augas de Galicia a correspondente rendición da conta xustificativa do cumprimento das condicións e consecución dos obxectivos da axuda, do xeito establecido na cláusula cuarta deste convenio.

### TERCEIRA- RÉXIME DE FINANCIAMENTO

O custo total das actuacións contempladas neste convenio ascenden a trescentos oitenta e cinco mil euros (385.000 €). Augas de Galicia financiará o 80% do importe total final da actuación ata un máximo de trescentos oito mil euros (308.000 €) con cargo á conta 6566 "Subvencións de capital a corporacións locais" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:



2021: 77.000 €  
2022: 231.000 €

#### CUARTA- LIBRAMENTO DOS FONDOS E RÉXIME DE XUSTIFICACIÓN

En canto ao réxime de xustificación, o Concello de Boborás debe presentar ante Augas de Galicia, antes do 20 de decembro de cada exercicio, a documentación establecida no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Ademais o Concello obrígase a:

- a) Achegar un informe de xustificación e execución dos traballos que inclúa fotografías deles, no que se reflicta o estado antes do inicio, durante a execución e unha vez finalizada a obra. Indicarase se foron executados con medios propios do concello ou a través da contratación a terceiros. Neste último caso xuntaranse as facturas correspondentes e, de existir, documento de recepción da obra por parte do concello.
- b) Achegar a certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a que foi concedida, de acordo co establecido no artigo 8 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.
- c) Facilitar, se fose o caso, toda a documentación que requira a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto deste convenio.
- d) Comunicar a Augas de Galicia, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais para os efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.
- e) Reintegrar a Augas de Galicia, de acordo co artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a cantidade total ou parcial da axuda establecida, e dos xuros de demora devindicados dende o momento do seu pagamento, para o caso de incumprimento das condicións establecidas.
- f) Asumir, pola súa consideración de beneficiario, segundo o artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, todas as obrigas que, para os beneficiarios establece o citado artigo.

En canto aos prazos e modos de pagamento da subvención por parte de Augas de Galicia, a súa achega materializarase mediante a transferencia dos fondos precisos ao concello, no prazo dun mes desde a presentación pola entidade local da rendición da conta xustificativa antes mencionada, conforme ao estipulado neste convenio e na lexislación aplicable. A anterior transferencia de fondos, será ingresada na conta bancaria da que o concello sexa titular, cuxa numeración facilitará a tal fin a Augas de Galicia.



O Concello poderá xustificar con cargo á anualidade 2022 da subvención os gastos realizados pola entidade local nos 10 últimos días do mes de decembro de 2021.

Será de aplicación o disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no seu regulamento de desenvolvemento, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

A concesión de axuda deste convenio queda supeditada ao cumprimento da normativa vixente. Neses termos, será compatible con calesquera outras axudas públicas ou privadas pero, en ningún caso, poderán superar os límites máximos de intensidade de axuda establecidos na normativa da Unión Europea.

De conformidade co disposto no artigo 62 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, prevese a posibilidade de que Augas de Galicia realice, sen necesidade de que o concello constitúa garantía, pagos a conta do 100% da porcentaxe subvencionada na anualidade 2021, sen exceder da anualidade prevista.

#### **QUINTA.- TITULARIDADE DAS OBRAS**

O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e asumirá o seu mantemento, explotación e mantemento xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de colaboración financeira.

#### **SEXTA.- RELACIÓN LABORAL**

A subscripción deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

#### **SÉTIMA.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO**

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello de Boborás para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propoñendo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.



- Propoñer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que deban adoptarse acordos.

#### **OITAVA.- NATUREZA DO CONVENIO**

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

#### **NOVENA.- VIXENCIA DO CONVENIO**

Este convenio terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura por todas as partes, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1.1.2021, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2022. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

#### **DÉCIMA.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO**

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello de Boborás e tramitarase a través dunha addenda ao convenio.

Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global. De ser o caso, o importe da anualidade 2021 non xustificando pasará á anualidade 2022, previa formalización do acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades. Este acordo debe ir precedido da tramitación no exercicio 2021 do reaxuste de anualidades correspondente.



## UNDÉCIMA.- EXTINCIÓN DO CONVENIO

Será causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto,
- o transcurso do seu prazo de vixencia.

Este convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- mutuo acordo entre as partes asinantes,
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes,
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

## DUODÉCIMA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

## DÉCIMO TERCEIRA. PUBLICIDADE

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio, as partes asinan electrónicamente o presente documento.

*A presidenta de Augas de Galicia, Ethel María Vázquez Mourelle  
A alcaldesa do Concello de Boborás, Ana Patricia Torres Madureira*

